



BOP

SÁBADO, 30 DE SETEMBRO DE 2024

N.º 227

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE DE AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO (6ª FASE), MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos urbanos do Parque do Rato mediante concorrencia pública, coa publicación do correspondente anuncio no BOP, tal e como establece o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Polo anterior ábrese o prazo de 10 días hábiles, dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP, para a presentación de solicitudes para obter unha autorización de uso dun Horto urbano do Parque do Rato.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes Bases pola que se rexerá o anterior procedemento:

1. Obxecto

Os Hortos Urbanos do Parque do Rato están situados no concello de Lugo nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do Rato que se atopen vacantes, ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores derivados de incumprimentos das propias autorizacións ou do recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020). que rexe os hortos, entre a data da apertura do prazo para a presentación de solicitudes, e a data que se fixe para o sorteo dos Hortos vacantes .

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

2. Réxime Xurídico

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no *Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación de Lugo* (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) e a *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas*.

En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (LPACAP) e a *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público* e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser persoa física e maior de idade.
- Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.
- Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

- a) Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.
- b) Tras verse revocada a autorización de uso da Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.
- c) Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

No caso de persoas cunha autorización en vigor para o uso dun Horto, só poderán solicitar a concesión dunha nova autorización de uso, no caso de que esta finalice, sendo improrrogable, antes dos 6 meses posteriores ao prazo de presentación de solicitudes da convocatoria. Esta circunstancia comprobarase de oficio pola Deputación de Lugo ou no seu caso pola Mesa de seguimento, sendo desestimadas as solicitudes que non cumpran os condicionantes indicados.

4. Prazo da autorización

A autorización outorgarase por un período inicial de dous anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de 4 anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación. Esta autorización non será transmisíbel en ningún caso.

5. Gastos esixibles ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

6. Presentación de solicitudes

6.1 Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de apertura no BOP.

6.2 Forma de presentación

Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

- 1) Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- 2) Solicitud (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.
- 3) Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento válido en Dereito que acredite a representación.

- 4) Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).
- 5) Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).
- 6) A acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración, no caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles, acreditaranse mediante a presentación, segundo o caso, de:
 - a) Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.
 - b) Renda per capita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano anterior, de todos os membros da unidade familiar.
 - c) Familia numerosa: Título de Familia Numerosa, expedido pola Administración competente ou Copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais ou Título de Familia Numerosa expedido pola Administración competente.
 - d) Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.

e) Ser usuario/a autorizado ao uso de un Horto, cuxa autorización finaliza en menos de 6 meses: Comprobarase de oficio pola Deputación de Lugo. (adicionalmente poderase acreditar mediante a presentación da autorización ou notificación expedida pola Deputación de Lugo)

f) Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais xunto coa Inscripción no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

7. Mesa de seguimento

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres empregados públicos da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto de Presidencia.

8. Procedemento

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirase para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes, requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Deputación de Lugo. Transcorrido este prazo sen terse notificado resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

8.1 Valoración de solicitudes

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos vacantes, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para a asignación dos Hortos mediante un procedemento de concorrencia, no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criterios de valoración Persoas físicas

- Ser desempleado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):

- Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).

- Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).

- Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

- Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 200% do IPREM, acreditando esta situación cunha copia da Declaración da Renda do ano anterior ao de inicio do prazo de presentación de solicitudes, de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):

- a) Renda per cápita anual inferior ao 100% do IPREM (2 puntos).

- b) Renda per cápita anual entre o 200% e o 100% (incluídos) do IPREM (1 punto).

- Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante achega do Título de Familia Numerosa ou a fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):

- Familias con máis de 3 descendentes (categoría especial) (2 puntos).

- Familias con 3 descendentes (categoría xeral) (1 punto).

- Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado. (1 punto)

Criterios de valoración Asociacións – Colectivos

- Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social ou con colectivos vinculados ao medio ambiente e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. (O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes) (5 puntos).

· Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

Criterio de valoración para os actuais usuarios

Tanto para o caso de persoas físicas; como para Colectivos ou Asociacións, en aplicación da Disposición transitoria do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a efectos de garantir que as persoas usuarias autorizadas e cuxa autorización remate, sendo esta improrrogable, manteñan a preferencia na adxudicación de Hortos, conservando unha parcela por unidade familiar, establececese o seguinte criterio de valoración:

· Persoas usuarias dun Horto, cuxa autorización finaliza en menos de 6 meses e que non teñan incorrido en ningunha circunstancia excluínte do proceso de outorgamento dos hortos. (5 puntos).

8.2 Listaxe provisional e definitiva

A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. De existir alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

8.3 Sorteo de Hortos

A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo será convocado conxuntamente coa apertura de prazo de presentación de solicitudes, indicando día, hora e lugar de celebración do mesmo, celebrándose este dentro dos seguintes 5 meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O sorteo realizarase preferentemente nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

8.4 Proposta de outorgamento

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente para outorgar as autorizacións no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do Rato, durante o período de 2 anos prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de 4 anos.

9. Xurisdición competente e interposición de recursos

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición, ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

10. Outras consideracións

Os solicitantes, coa presentación da solicitud de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.

TERCEIRO. Fixar a data e hora do sorteo público dos Hortos dispoñibles o próximo día 10 de marzo de 2025, as 10:00 h. no Salón de actos da Deputación de Lugo, sito na rúa San Marcos nº8 (Lugo), dacordo co establecido no punto 8.3 das Bases.

Lugo, 24 de setembro de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2849

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
FRANCISCO FERNÁNDEZ MAGIDE	POLÍGONO 158 PARCELA 33	AS VARADAS DE VACARIZA

O Corgo, 24 de setembro de 2024.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2850

A FONSAGRADA

Anuncio

Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

Expediente número: 921/2024

Por motivos de axenda, e non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía no que respecta á celebración do matrimonio civil no Concello de A Fonsagrada previsto para o día 02 de novembro de 2024 ás 13:00 horas, e de conformidade do disposto nos artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, procedeuse mediante resolución de alcaldía Núm. 2024-0412, á delegación da función da Alcaldía citada, no Concelleiro D. Silbán Rodríguez Palmeiro.

A Fonsagrada, 13 de setembro de 2024. O Alcalde, Carlos López López

R. 2851

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **AGOSTO** de 2024.

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de **AGOSTO** de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 6 de setembro de 2024.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 2852

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0117de data do 11/9/2024, aprobose o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 351,31€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 146,28 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e naLei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 24 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2853

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0116de data do 11/9/2024, aprobose o padrón fiscal correspondente ó mes de abril de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 230,49€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 169,94 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 24 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2854

RIBADEO

Anuncio

CONTA XERAL EXERCICIO 2023

Formada e rendida a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio orzamentario de 2023 co contido a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 24 de setembro de 2024, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta Entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito os reparos, reclamacións ou observacións que estimen pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Ribadeo, 25 de setembro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R.2855

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN EN PROPIEDAD MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2024.

Expediente: G435/2024.

No acordo do Pleno de data 1 de decembro de 2023, detállase 1 praza capataz da brigada obras, encadrada como persoal laboral fixo dentro do cadro de persoal do Concello de Taboada no expediente de Orzamento 2024 aprobado polo Pleno de data 1 de decembro de 2023, e publicada a aprobación definitiva do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298 de sábado 30 de decembro de 2023.

Na Resolución da Alcaldía de data 27 de decembro de 2023 apróbase a Oferta de Emprego Público do Concello de Taboada para o ano 2024 e publicada no Boletín da Provincia de nº 4 de 4 de xaneiro de 2024; e consta o posto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Taboada co código de posto 2004.

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de setembro de 2024, en canto ás bases para a provisión da citada praza, resolveuse:

Primeiro.- Proceder a corrección do erro e Aprobar as Bases para a provisión de: **1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2024.**

Segundo.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

Terceiro.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia, enviando un extracto da convocatoria ao BOE, ao DOG e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa tramitación.

Cuarto- Publicación das Bases íntegras no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.concellotaboada.es.

Quinto- O literal das bases resulta ser o seguinte:

<< BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2024.

PRIMEIRO- Normas Xerais.

É obxecto da convocatoria a provisión mediante o sistema de oposición libre, de unha praza de capataz da brigada obras, encadrada como persoal laboral fixo dentro do cadro de persoal do Concello de Taboada no expediente de Orzamento 2024 aprobado polo Pleno de data 1 de decembro de 2023, e publicada a aprobación definitiva do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298 de sábado 30 de decembro de 2023, e ao abeiro da Resolución da Alcaldía de data 27 de decembro de 2023 de aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Taboada para o ano 2024 pola que se aproba a oferta de emprego Público correspondente ao exercicio 2024 e publicada no Boletín da Provincia de nº 4 de 4 de xaneiro de 2024; e consta o posto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Taboada, cuxas características son:

Denominación da praza	CAPATAZ DE BRIGADA
Réxime	PERSOAL LABORAL FIXO
Código do posto	2004
Unidade/Área	Obras e servizos
Grupo Laboral	V
Titulación exigible	Estudios Pimarios
Núm. de vacantes	1
Funcións do posto de traballo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programación e coordinación de todo o traballo do persoal de obras e servizos. ▪ Programación das vacacións e permisos do persoal de obras e servizos . ▪ Dirección e supervisión de todos os traballos. ▪ Presupostación de pequenas obras de mantemento. ▪ Reparto do persoal polos diferentes puntos de traballo. ▪ Realizar o acopio de materiais. ▪ Tarefas de mantemento e conservación (albanelería, mecánica, pintura, xardinería) das instalacións e patrimonio municipais e mobiliario público ▪ Conservación de camiños e vías públicas ▪ Mantemento e conservación do patrimonio municipal ▪ Reformas e pequenas construcións municipais ▪ Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico
Retribucións	23.977,24 €
Sistema selectivo	Oposición

A presente oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público , o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, e o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores na redacción dada a este polo Real Decreto-lei 32/2021.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato e salario.

A modalidade do contrato será laboral fixo.

A retribución mensual será a prevista no vixente Orzamento Xeral de 2024 do Concello de Taboada.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:.

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

f) Posuír a titulación de certificado de escolaridade ou superior.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Posuír o permiso de conducir categoría ou clase C .

No caso de permisos obtidos no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

h) Posuír o certificado de Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias .

4. 1 °. As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO II desta convocatoria , e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O prazo de presentación de instancias é de vinte días hábiles (20) contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases íntegras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Taboada www.concellotaboada.es e no taboleiro de anuncios

Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base terceira, referidos á data en que termine o prazo de presentación de instancias.

A efectos informativos publicarase na páxina web do Concello: : www.concellotaboada.es

4. 2 °. A solicitude, Anexo II , deberá ir acompañada por:

a) Fotocopia de DNI ou, se ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.

b) Fotocopia da titulación que da acceso a convocatoria.

c) Fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase C.

d) Fotocopia do certificado de Celga 1 ou equivalente .

A compulsa da anterior documentación deberá facerse polo/a aspirante que resulte seleccionado.

4. 3 °. Os erros de feito que puideran advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

4. 4.º. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro de prazo establecido na base 4.1.º para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo non se admitiran ningunha petición desta natureza.

QUINTO. Admisión de Aspirantes.

5. 1.º. Relación de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, resolución que será publicada no BOP e no taboleiro e na páxina web do Concello, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión. No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva. A resolución pola que se aproba a lista definitiva será publicada no BOP. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal. E a data e hora do primeiro exercicio.

Durante dez (10) días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 do 01 de outubro poderase solicitar a rectificación de erros e presentar reclamacións ás listas provisionais.

Quen non presente a solicitude da rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de dez días desde a finalización do prazo para presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditou resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

5. 2.º. Serán causas de exclusión as sinaladas:

- a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.
- b) A omisión da sinatura na solicitude.
- c) A omisión na solicitude da copia do DNI.
- d) Non aportar fotocopia da titulación esixida e do permiso de conducir categoría ou clase C.
- e) A presentación da solicitude fora do prazo establecido.

SEXTO. Tribunal Cualificador.

6.1.º. O tribunal que xulgará as probas selectivas da oposición estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais designados pola Alcaldía, de acordo co establecido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, designarase un suplente por cada un dos membros anteriores.

6.2.º. Os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e poderán ser recusados do xeito previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 23 do mesmo texto legal.

6.3.º. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. No caso de ausencia do Presidente (e da persoa que o supla), será substituído polo vogal que figure primeiro na relación da composición do tribunal, e no seu defecto polo seguinte, e así sucesivamente. No caso de ausencia do Secretario (e da persoa que o supla) será substituída polo vogal que corresponda segundo unha orde inversa á descrita na liña anterior.

6.4.º. Asesores técnicos. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno. Limitándose esta asesoría a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas. Os ditos asesores terán voz pero non voto.

6.5.º. Abstencións e recusacións. A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Deberán absterse de formar parte dos órganos de selección de persoal:

- Que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á administración pública.
- Quen se atopen incurso en algún dos supostos a que se refire o art. 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusalos na forma que prevé o art. 24 da referida Lei.

6.6.º. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións para garantir o debido orde nas mesmas. A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

6.7.º. Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

6.8º. A designación do Tribunal realizarase na Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento do Proceso. Exercicios.

O Procedemento de selección desta praza é o de oposición libre .

7. 1º Comezo e desenrolo das probas.-.

- A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará no BOP de Lugo.
- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar na oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un apazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade

- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convoca o proceso selectivo.
- As cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas na páxina web e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.
- Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95 /1991, de 20 de marzo.

7. 2º. A fase de selección do proceso selectivo constará das seguintes probas:

- Constará de 2 exercicios obrigatorios e eliminatorios, debendo estar o seu contido incluído no temario establecido no Anexo I das presentes bases. A puntuación da fase de oposición será de **100 puntos**; e un exercicio adicional para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 1.
- Con unha antelación mínima de quince días antes do comezo do primeiro exercicio, a Alcaldía anunciará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello (www.concellotaboada.es) a data , hora e local no que terá lugar.

7. 3º. Exercicios.

A).- Primeiro exercicio: Consistirá nun cuestionario tipo test de 35 preguntas, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas a correcta, de forma que:.

- Cada pregunta acertada equivale a 1 puntos.
- Cada pregunta fallada descontará 0,50 puntos.
- Cada pregunta non contestada equivale a 0 puntos.

As mencionadas preguntas serán propostas polo Tribunal de entre o Temario de materias comúns e específicas, o cal se establece no Anexo I destas bases.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora.

O exercicio cualificarase de 0 a 35 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 17,5 puntos para superalo e acceder ao segundo exercicio.

B).- Segundo exercicio: Consistirá na realización de un ou varios casos prácticos, podendo ter que resolver parte por escrito, e/ou utilizar documentación que lle se entregue por parte do Tribunal para interpretala, relacionados os casos que se formulen co temario descrito no Anexo I.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 65 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 32,5 puntos para superalo e acceder ao segundo exercicio.

C) .- Terceiro exercicio: Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga1. O exercicio de galego para os aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Esta proba non terá carácter eliminatorio, os que non a superen terán dous anos para facer o curso Celga 1. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque.

- Cualificación final: A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios.

- Publicación da relación de aspirantes aprobados.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, na paxina web do Concello da Taboada a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida neste proceso selectivo.

OITAVO.- Cualificación.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos nos exercicios primeiro e segundo. No caso de empate dirimirase da seguinte forma:

Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no segundo exercicio.

Segundo por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no primeiro exercicio.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

NOVENO.- Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato.

A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas. Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais a partir da publicación da lista no taboleiro de anuncios no Concello, os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

a) Copia compulsada do DNI

b) Copia compulsada ou certificación académica oficial acreditativa da titulación esixida e permiso de conducir categoría ou clase C.

c) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.

d) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación. Neste caso pasarase ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Formalizarase o contrato no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO.- Incidencias.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello.

DÉCIMO PRIMEIRO. Protección de datos

En cumprimento da obrigaición prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

1.- DATOS DO RESPONSABLE**Identidade do responsable do tratamento:**

CONCELLO DE TABOADA, provisto de CIF P2706000C

Domicilio en Praza Xeneral Muínelo, 27550 Taboada, Lugo

Teléfono: 982 46 53 01

Correo electrónico: secretaria@concellotaboada.es

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN**Base Xurídica do tratamento**

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmaselle que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Taboada. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigaición legal.

6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Taboada ou por correo electrónico a secretaria@concellotaboada.es.

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se

considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñécenlle.

Taboada, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

ANEXO I

TEMARIO.

Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura e contido. A reforma constitucional. A Coroa. Sucesión, O Rei: as súas funcións. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- As Cortes Xerais. As funcións das Cortes. O funcionamento das Cortes.

Tema 3.- O Goberno e a Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais

Tema 4.- O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional

Tema 5.- A Comunidade Autónoma Galega. O Estatuto de autonomía. O Parlamento de Galicia

Tema 6.- O réxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais: a provincia e outras entidades locais.

Tema 7.- O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 8.- O personal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades

Tema 9.- O municipio de Taboada. Organización municipal específica: Pleno, Alcalde, tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Órganos complementarios. Poboación e termo municipal

Tema 10.- Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Regulamento Europeo de Protección de Datos.

Tema 11.- - Políticas de Igualdade de Xénero. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Materias específicas:

Tema 1.- Albanelaría. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais. Aglomeracións. Áridos, ladrillos. Características, aplicacións e propiedades dos principais materiais empregados en construción. Elementos da construción: Muros, tabiques, paredes. Demolicións.

Tema 2.- Electricidade. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais.

Tema 3.- Xardinaría. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais.

Tema 4.- Pintura. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais.

Tema 5.- Carpintaría. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais.

Tema 6.- Fontanaría. Tarefas desenroladas polos operarios. Útiles e ferramentas manuais.

Tema 7.- Reparación de baches en pistas. Tarefas desenroladas polos operarios. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 8.- Reparación de camiños. Tarefas desenroladas polos operarios. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 9.- Desbroce en pistas e camiños. Tarefas desenroladas polos operarios. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 10.- Maquinaria para operacións de conservación de pistas e camiños.

Tema 11.- Identificación de oficios que executan os traballos de edificación: Obras de cimentación. Obras de formigón. Obras de albanelaría. Acabados interiores e exteriores.

Tema 12.- Identificación de oficios que executan os traballos de obra civil: Obras de terra. Obras de fábrica. Obras de drenaxe lonxitudinais e transversais. Construción de firmes asfálticos e de formigón. Obras de urbanización.

Tema 13.- Organización do procedemento de traballo: Ordenación de quendas e distribución de traballadores, materiais e equipos. Xestión documental (ordenes de traballo, facturas, albaranes, etc). Estimación de custos. Control de calidade do traballo executado.

Tema 14.- Obras na vía pública. Sinalización. Características construtivas dos viarios.

Tema 15.- Coñecementos do proxecto dunha obra. Lectura de planos. Medición de superficies. Áreas, volumes.

Tema 16.- Organización e coordinación das obras. Preparación dos equipos. Reformulo. Material a Empregar.

Tema 17.- Fases da obra. Medidas de seguridade.

Tema 18.- Materiais da obra, coordinación co resto de gremios. Compras, previsión e provisión de materiais.

Tema 19.- Maquinaria utilizada nas obras. Coordinación con resto de traballos. Tipos. Medidas de seguridade.

Tema 20.- As licenzas urbanísticas: Principios xerais. A licenza de obras, edificación e instalación. As licenzas de usos e actividades.

Tema 21.- O Concello de Taboada, parroquias, rúas, edificios públicos, parques, zonas verdes, rúas. Localización dos mesmos.

Tema 22.- Tipos de contratos ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Xestión documental (ordenes de traballo, facturas, albaranes, etc). Estimación de custos. Control de calidade do traballo executado.

Tema 23.- Xestión documental de proxectos de edificación e obra civil: Memorias e anexos. Pregos de condicións. Planos de Proxecto. Orzamento.

Tema 24.- Interpretación de planos de construción. Planos de planta e alzado. Coñecementos do proxecto dunha obra. Lectura de planos. Medición de superficies. Áreas, volumes.

Tema 25.- Acoutado de planos. Escalas: gráfica e numérica. Cota: cota positiva e negativa. Símbolos e unidades de medida utilizadas en edificación e obra civil.

Tema 26.- Prevención de riscos laborais: Normativa básica de prevención de riscos laborais en traballos de edificación e obra pública. Identificación de riscos. Determinación das medidas de prevención. Equipos de protección colectiva

ANEXO II.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA DE OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE TABOADA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.

I.- DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN:

II.- DATOS PERSOAIS.

PRIMEIRO APELIDO.	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO:.

Primeiro: Que son coñecedor da convocatoria para cubrir 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA DE OBRAS.

Segundo: Que acepto as bases e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou superior esixido nas bases que rexen a convocatoria.

Estar en posesión do o permiso de conducir categoría ou clase C esixido nas bases que rexen a convocatoria.

Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

Terceiro: Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

Cuarto: Que apporto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Taboada , a de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).>>

Taboada, 26 de setembro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2856
